



CRITERIOS A SEGUIR PARA LEVANTAR O ILLAMENTO DOS CASOS POSIBLES, PROBABLES OU CONFIRMADOS DE COVID-19 NOS TRABALLADORES SANITARIOS OU SOCIOSANITARIOS.

No manexo destes casos resulta crucial a recomendación de illamento, para evitar que se conviryan en transmisores, medida que se debe manter durante o tempo que se considere seguro para asegurar que xa perderon esa capacidade de propagación do virus.

No cálculo deste tempo debe terse en conta o que nos dí a evidencia científica en cada momento, combinado con criterios asistenciais e sociais.

Na situación actual non é necesario facer proba PCR a tódolos casos, sexan confirmados, probables ou posibles, para decidir o levantamento das medidas de illamento. Estas probas deben reservarse para aqueles casos nas que as decisións a tomar, sexan clínicas ou epidemiolóxicas, representen unha maior ganancia para o individuo ou para o sistema sanitario

Mediante a técnica de RT-PCR observouse que os infectados presentan na súa maioría unha alta carga viral (hasta 10^4 e 10^8 copias de xenoma/ml por mostra nasofarínxea ou de saliva). En pacientes que teñen un curso leve da infección, o pico da carga viral en mostras nasais e orofarínxeas ocorre durante os primeiros 5-6 días tras o inicio dos síntomas e practicamente desaparece ao día 10. Si bien nalgúns pacientes detéctase virus mais alá do día 10, a carga viral é da orde de 100-1.000 veces menor, o cal suxeriría unha baixa capacidade de transmisión nestes días (1-4). Ademais, púdose demostrar a ausencia de virus infectivo (non crecemento do virus en cultivos) con cargas virais por debaixo de 10^5 copias por torunda (4).

Así, de acordo coa evidencia existente, a transmisión da infección ocorrería fundamentalmente nos casos leves na primeira semana dla presentación dos síntomas, desde 1-2 días antes ata 5-6 días despois. Nos casos mais graves esta transmisión sería máis intensa e máis duradeira.

Nos casos nunca ingresados, nos que non se realiza a PCR para confirmar a infección, se considera que o illamento pódese levantar tras 14 días do inicio de síntomas, sempre que estes teñan desaparecido.

Se o caso estivo ingresado e vaise de alta hospitalaria porque a súa situación clínica o permite, sen facerse PCR ou esta aínda é positiva, pódese levantar o illamento aos 14 días de estar na casa, sempre que se resolverse o cadro clínico ou ata que teña un resultado negativo.

A maiores, hai que considerar a situación particular dos traballadores dos centros sanitarios, que son merecedores duns criterios específicos dado a súa implicación como posibles transmisores pero tamén como persoal imprescindible de difícil substitución.

Con estas consideracións en mente elaborouse a táboa que se presenta a continuación para orientar o levantamento do illamento nas diferentes situacións identificadas..



Crterios para a interrupción das medidas de illamento en traballadores de centros sanitarios e sociosanitarios

Os traballadores de centros sanitarios ou sociosanitarios que presentes síntomas de IRA deberán contactar co seu servizo de saúde laboral/prevenção de riscos/medicina preventiva.

Calquera traballador con síntomas compatibles será clasificado coma caso posible de COVID-19 e deberá retirarse da actividade laboral para permanecer en illamento en espera do resultado da PCR. O resultado da proba permitirá a descartar ao traballador como caso ou cualificalo como caso probable ou confirmado. Na situación excepcional de que non se lle puidese realizar unha PCR cando desenvolve síntomas, o traballador seguirá como caso posible.

Tendo en conta isto, tamén debemos saber que para interromper as medidas de illamento do caso posible pode optarse por unha estratexia baseada ou non en probas microbiolóxicas.

TRABALLADORES DE CENTROS SANITARIOS OU SOCIOSANITARIOS		
TRABALLADOR EN ILLAMENTO DOMICILIARIO QUE NON ESTIVO INGRESADO		
TIPO DE CASO	INTERRUPCIÓN DO ILLAMENTO	MEDIDAS COMPLEMENTARIAS
Caso confirmado/ probable/posible.	Aos 14 días desde o inicio dos síntomas, sempre que se resolverse o cadro clínico. Non precisa PCR negativa para suspender as medidas.	
	Realización duna PCR aos 7 días desde o inicio dos síntomas, sempre que nos 3 últimos días non presentase sintomatoloxía nin febre e non tomase antitérmicos: <ul style="list-style-type: none"> Se a PCR é negativa: fin do illamento co seguimento das medidas complementarias. Se a PCR é positiva: completar illamento ata cumprir 14 días, cando se levantará sen nova proba. 	Poderá reincorporarse ao seu posto de traballo usando mascara cirúrxica e evitando o contacto con pacientes inmunodeprimidos ata completar os 14 días desde o inicio de síntomas.
TRABALLADOR HOSPITALIZADO EN ILLAMENTO		
TIPO DE CASO	INTERRUPCIÓN DO ILLAMENTO	
PCR positiva á alta	Aos 14 días desde a alta hospitalaria, sempre que se resolverse o cadro clínico. Non precisa resultado de laboratorio negativo para suspender as medidas	
Sin PCR á alta		
PCR negativa á alta hospitalaria	Dende o momento da alta	
Caso que precisa continuar ingresado por outro motivo	PCR negativa aos 3 días de resolverse o cadro clínico (Se a mostra é positiva, repetir a proba ás 72h)	

O manexo de contactos no ámbito sanitario non se encontra incluído neste protocolo.

Bibliografía

1. Zou L, Ruan F, Huang M, Liang L, Huang H, Hong Z, et al. SARS-CoV-2 Viral Load in Upper Respiratory Specimens of Infected Patients. N Engl J Med. 2020 Feb 19;



2. Pan Y, Zhang D, Yang P, Poon LLM, Wang Q. Viral load of SARS-CoV-2 in clinical samples. Lancet Infect Dis. 2020 Feb 24;
3. Temporal profiles of viral load in posterior oropharyngeal saliva samples and serum antibody responses during infection by SARS-CoV-2: an observational cohort study - The Lancet Infectious Diseases [Internet]. [cited 2020 Mar 25]. Available from: [https://www.thelancet.com/journals/laninf/article/PIIS1473-3099\(20\)30196-1/fulltext](https://www.thelancet.com/journals/laninf/article/PIIS1473-3099(20)30196-1/fulltext)
4. Virological assessment of hospitalized patients with COVID-2019 | Nature [Internet]. [cited 2020 Apr 4]. Available from: <https://www.nature.com/articles/s41586-020-2196-x>